

JALISIA

XURXO S. LOBATO

XUNTA DE GALICIA

As fotografías de «Jalisia» foron realizadas entre 1987 e 1992 con becas do:

– Concello de Vigo. «Vigovisións». Fotobienal.
– Consello da Cultura Galega. «Galicia Terra nai».
– Dirección Xeral de Cultura. Xunta de Galicia. «Tradición».

Conselleiro de Cultura e Xuventude
Daniel Barata Quintás
Directora Xeral de Cultura
Paz Lamela Vilariño
Subdirector Xeral de Cultura
Xabier Senín Fernández
Asesor edición:
Pepe Barro

Documentación:
Margarita Rueda
Difusión:
Dolores García Vaamonde
Nohemí Izquierdo
Montaxe:
Javier Diz
Laboratorio fotográfico:
Galicia Color. A Coruña
Montaxe marcos exposición:
M.J. Arteixo.

Imprime:
Galicia Editorial, S.A. Gaesa
R/ Gambrinus, 97. Polígono A Grela-Bens. A Coruña
Depósito Legal: C: 614 / 1993
I.S.B.N.: 84-453-0681-2

A FRONTEIRA MÓRBIDA DO DOCUMENTALISMO

No Documentalismo Fotográfico, que é contemporáneo en tanto exhibe a identidade do seu tempo, o tempo dos Mass Media, o tempo das descodificacións aberrantes, o da mestizaxe de comportamentos por cada obxecto co que te representas, co que te dramatizas (Grierson, no 1926, usa o termo Documental como a «dramatización do real» para arredalo da imaxe-rexistro, da imaxe-aséptica) no DC, únense convencións de diferentes ámbitos da expresión visual, dende o hiperrealismo á foto-souvenir, dende o bodegón e a ritualización retratista á retórica de contrarios, coa evolución de fotoxornalismo para a foto-ensaio, coa pasaxe do «punto de vista» –ou dereito do fotógrafo a se involucrar no fotografado– ao traballo fotográfico pensado, decidido, estructurado como calquera outra proposta comunicativa, traballo no que o autor é conscente da acción dun receptor que verá a foto nun ou noutro contexto e que no acto de ver intervirá na súa significación.

O real como iso co que te vas relacionar íntimamente, dende a túa cultura, dende os teus afectos, dende dentro da historia; o real como iso que vas fotografar; e a consciencia de límite, de expectativa de reciprocidade si o teu código entra no meu código; a experiencia da foto entre fronteiras, cidadano-rural, fai que os documentalistas contraveñan a idea de verdade ou o cliché de universalidade e partan de si propios como-alguén que se debate entre un imaxinario conformado polos Media e un cotián que os Media nos inventarían para que todo o teñamos ao alcance da man na estantiña do supermercado.

Por entre estes fotógrafos que nos oitenta comezan a decidir outravolta o acto de fotografiar e os modos de pensar a vida en fotos está Xurxo Lobato. E nel dase unha das máis preciadas características do DC, a ambigüedade dos ceremoniais, as anacronías como marca indicial do estado de sitio no que, felizmente, queremos estar.

Os textos adoitan presentarnos aos Documentalistas como narradores, como aqueles que activan estilos e técnicas de composición e que gostan de outros soportes de difusión que non son os Mass Media –coma o libro, como a exposición– e que eu diferencio por tratar a representación como un outro elemento do real, por se narrar mentres narran, polos traballos de ciclo longo, pola heteroxeneidade temática, de orixe, de métodos, de linguaxes e, singularmente, por preocuparse pola teoría e pola función social da subxectividade. Que é o que, en definitiva, chamamos o retorno á praxis.

MARGARITA LEDO ANDION*

* Autora de *Foto-xoc e xornalismo de crise*, ten en preparación *Foto-documentalismo: Para unha estratexia de sentido*. É Decana da Facultade de Xornalismo de Santiago.